

# Fantoches Baj



Fantoches Baj é unha compañía creada inicialmente en Portugal por Inacio no ano 2006. Desde aquela o seu campo de interés céntrase no teatro de títeres entendidos dunha forma ampla. Desde a proposta mais tradicional dos bonecos de luva e variña do primeiro espectáculo, Tío Miseria (2007), a unha progresiva apertura a outras formas mais contemporaneas do teatro de obxectos como no seu espectáculo, O Asombro (2010) ou a utilización do kamishibai xaponés no espectáculo, As Pombas de Carboeiro.

Pasando por unha interrelación con outras linguaxes escénicas, co teatro de actor no espectáculo para adultos A Saia da Carolina (2008), co clown en Rei, rei? (2008), cos xigantes e cabezudos en Zampón o Lambón (2009), coa maxia en Sinda, Linda, Catrina, Simón e o demo Cobillón (2009) e co teatro de rúa en Velocíclopes (2010). Partindo da idea de que o teatro de títeres é un poderoso instrumento de contar historias Fantoches Baj non renuncia a ningunha tematica ou forma literaria, pero os gustos van sobre todo polas literaturas tradicionais e os discursos poéticos.

**O seu director, inacio, gañou en dúas ocasións o premio Barriga Verde de Textos Teatrais nas dúas modalidades de infantil e de adultos cos textos Auga que non vas beber e Fábula Galénica.**

Nesta compañía colaboran habitualmente Luis Iglesias, "**Luchi**" na construción de bonecos e escenografías, así como actor e manipulador en moitos dos espectáculos, **Benxa Otero** na creación musical e interpretación en directo ou **María Chenut** na realización e deseño de vestiario.